

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O
CONCELLO DE MELIDE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN
NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE MELIDE.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou co Concello de Melide o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14 de marzo do 2016 ata o 14 de marzo do 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre o Concello de Melide e o Servizo Galego de Saúde para a construción dun novo centro de saúde no municipio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial á cidadanía, sendo necesario construír un novo centro de saúde no Concello de Melide.

Conscientes da dita necesidade as partes intervinientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso e a fin de levar adiante o proxecto das citadas obras de construción é necesaria a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita cooperación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 27 de abril do 2016.